

HISTORIA DA FILOSOFÍA

OPCIÓN 1

Lea atentamente o seguinte texto de ARISTÓTELES e a partir del responda as cuestións que se formulan.

- **Teña en conta que se trata de cuestións interrelacionadas. Procure integrar as respostas nunha composición redactada de maneira unitaria.**
- **Na avaliación da proba teranse en conta non só os contidos do exposto (coñecemento da materia), senón tamén as cualidades formais da exposición, tanto nos aspectos relativos ao uso dun vocabulario apropiado, coma no referente á corrección sintáctica, ortográfica e retórica.**

TEXTO

Feitas estas distincións, cómpre examinar as causas, cales e cantas son. E xa que se trata de coñecer, e non cremos ter coñecemento de algo sen antes ter captado en cada caso o porqué (e isto vén sendo captar a causa primeira), é evidente que nós temos que facelo coa xeración e a destrución e con todo cambio natural, a fin de que, coñecendo os seus principios, intentemos encamiñar ata eles cada unha das nosas investigacións.

Nun sentido (a) chámase causa a ese constitutivo inherente do que se fai algo, coma tal o bronce da estatua e a prata da copa e os seus xéneros. Noutro sentido (b) é a forma e o modelo, é dicir, a definición da esencia e os seus xéneros (así a causa da oitava é a relación de dous a un, e en xeral o número), e tamén as partes da definición. E tamén (c) é aquilo de onde xorde o principio primeiro do cambio ou do repouso; así quen toma unha resolución é causa, o pai é causa do fillo, e en xeral o que fai é causa do feito e o que produce un cambio é causa do cambiado. E aínda máis (d), é o fin, aquilo para o que é algo, como a saúde con relación ó paseo. Pois, por que paseamos? Dicimos que para ter saúde e, ó falar así, cremos indicar a causa. E son un medio para o fin todas as cousas que outro move; así o adelgazamento ou a purga, os medicamentos ou os instrumentos cirúrxicos, todos eles son medios para a saúde, pero hai diferenzas entre eles, xa que uns son accións e outros instrumentos.

ARISTÓTELES, *Física* II-3 194b16-195a3

CUESTIÓNS PRINCIPAIS ÁS QUE DEBE DAR RESPONDA A COMPOSICIÓN

I) Marco histórico e conceptual : (avaliación:de 0 a 3 puntos)

- Situar o autor do texto no marco histórico-cultural e filosófico da súa época.
- Cuestión contextual: Crítica da doutrina platónica.

II) Comprensión: (avaliación:de 0 a 5 puntos)

- Lea atentamente o texto e *a partir del* responda a seguinte cuestión temática: A teoría hylemórfica no seo da physis: A teoría causal.

III) Coñecemento específico: (avaliación:de 0 a 2 puntos)

- Atendendo á problemática do texto e á cuestión temática, expoña –con claridade e rigor conceptual– as relacións (de semellanza ou diferenza) con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da “Historia da Filosofía”.
- Comentario persoal.

HISTORIA DA FILOSOFÍA

OPCIÓN 2

Lea atentamente o seguinte texto de KANT e a partir del responda as cuestións que se formulan.

- **Teña en conta que se trata de cuestións interrelacionadas. Procure integrar as respostas nunha composición redactada de maneira unitaria.**
- **Na avaliación da proba teranse en conta non só os contidos do exposto (coñecemento da materia), senón tamén as cualidades formais da exposición, tanto nos aspectos relativos ao uso dun vocabulario apropiado, coma no referente á corrección sintáctica, ortográfica e retórica.**

TEXTO

Ilustración é a saída do home da súa minoría de idade, da cal el mesmo é o culpable. Minoría de idade é a incapacidade de servirse do seu entendemento sen a dirección doutro. Un mesmo é o culpable desta minoría de idade cando a causa dela non reside na carencia de entendemento, senón de decisión e valor para servirse del sen a dirección de outro. *¡Sapere aude!* ¡Ten o valor de servirse do teu propio entendemento!, eis a divisa da ilustración.

Preguiza e covardía son a causa pola que unha tan grande parte de homes moito despois de que a natureza os teña ceibado da dirección allea (*naturaliter maiorennis*), sigan emporiso a ser con gusto toda a vida menores de idade; e é por iso que lles resulta tan doado ós outros erixirse nos seus titores. ¡É tan cómodo ser menor de idade! Se teño un libro que pensa por min, un director espiritual que ten unha conciencia moral para min, un médico que me prescribe unha dieta, etc., daquela non preciso molestarme. Se podo pagar, non teño necesidade de pensar; xa haberá outros que asuman por min tan amoladora tarefa. A inmensa maioría dos homes (...) consideran que o paso cara á maioría de idade, ademais de pesado, é perigoso: iso procuran os titores que se teñen encargado bondadosamente do seu control...

Para a persoa individual é daquela difícil dar saído dunha minoría de idade case convertida en natureza... De aí que só uns poucos teñan conseguido co propio esforzo do seu espírito zafarse da minoría de idade e, con todo, manter o paso firme.

Ben máis posible é, pola contra, que o público se illustre por si mesmo; así será, de certo, case inevitablemente con só que se lle deixe en liberdade. Pois sempre se atoparán, mesmo entre os establecidos titores da gran masa, algúns que pensen por si mesmos, os cales, logo de terse desfeito do xugo da minoría de idade, propagarán no seu redor o espírito dunha estimación racional do propio valor e da vocación de todo home a pensar por si mesmo.

I. KANT, «Resposta á pregunta:¿Que é ilustración?» (Berliner Monatschrift, decembro, 1784)

CUESTIÓN PRINCIPAL Á QUE DEBE DAR RESPONDA A COMPOSICIÓN

I) Marco histórico e conceptual : (avaliación:de 0 a 3 puntos)

- Situar o autor do texto no marco histórico-cultural e filosófico da súa época.
- Cuestión contextual: Factores políticos, sociais e culturais que no século XVIII conducen á Ilustración.

II) Comprensión: (avaliación:de 0 a 5 puntos)

- Lea atentamente o texto e a partir del responda a seguinte cuestión temática: A idea kantiana de Ilustración.

III) Coñecemento específico: (avaliación:de 0 a 2 puntos)

- Atendendo á problemática do texto e á cuestión temática, expoña –con claridade e rigor conceptual– as relacións (de semellanza ou diferenza) con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da “Historia da Filosofía”.
- Comentario persoal.

HISTORIA DA FILOSOFÍA

OPCIÓN A

Lea atentamente o seguinte texto de ARISTÓTELES e a partir del responda as cuestións que se formulan.

- **Teña en conta que se trata de cuestións interrelacionadas. Procure integrar as respostas nunha composición redactada de maneira unitaria.**
- **Na avaliación da proba teranse en conta non só os contidos do exposto (coñecemento da materia), senón tamén as cualidades formais da exposición, tanto nos aspectos relativos ao uso dun vocabulario apropiado, coma no referente á corrección sintáctica, ortográfica e retórica.**

TEXTO

A comunidade perfecta de varias aldeas é xa a cidade, con, por así dicilo, a perfección de toda suficiencia (*autárkeia*), e nacida para vivir, pero existente para *vivir ben*. Por iso toda cidade o é por natureza, se tamén o son as comunidades previas, xa que ela é fin destas e a natureza é fin. Porque o que cada ser é, despois de rematada a súa xénese, é o que dicimos que é a súa natureza, por exemplo, a do home, do cabalo, da casa. Ademais a causa e o fin son o mellor, e a suficiencia é fin e o mellor.

De todo iso resulta que a cidade é das realidades naturais e que o home é un animal social (*zôon politikón*), e que o asocial por natureza e non por acaso ou é inferior ou superior ó home, coma o censurado por Homero coma

home sen tribo, sen leis, sen fogar

pois quen é tal por natureza tamén é desexoso de guerra, por ser como unha peza solta no xogo das damas.

Por qué o home é animal social en maior medida que a abella ou calquera animal gregario é cousa evidente: a natureza, como dicimos, nada fai en van, o home é o único dos animais que ten a palabra (*lógos*). Pois ben, a voz é signo do doloroso e do pracenteiro e por iso está presente tamén nos outros animais, xa que a súa natureza chega ata ter percepcións do doloroso e do pracenteiro e chega a que as signifiquen os uns ós outros. Pero a palabra é para expresar o conveniente e o danoso, así como o xusto e o inxusto, porque é propio dos homes fronte dos outros animais ser o único que ten percepción do ben e do mal, do xusto e do inxusto, e doutras cousas. A comunidade en todo iso fai a familia e a cidade.

A cidade está por natureza antes que a familia e que cada un de nós, pois é de necesidade que o todo estea antes que a parte: morto o todo, non haberá nin pé nin man, se non é equivocadamente, por exemplo, se falamos dunha man de pedra, a tal man será unha man morta. Todo está definido pola súa función e pola súa capacidade, de tal xeito que, cando as cousas xa non son, non se debe dicir que seguen sendo elas, senón algo co mesmo nome. É evidente, pois, que a cidade é por natureza e antes que cada un, xa que, se cada un illado non é autosuficiente, estará na mesma posición que as demais partes fronte ó todo, e aquel que non ten capacidade de vivir en sociedade ou que nada necesita pola súa autosuficiencia, non é parte ningunha da cidade, mesmamente coma unha besta ou un deus. Por natureza está en todos o impulso cara a tal sociedade, e o primeiro que a estableceu é causante de grandes bens, xa que, tal coma o home cabal é o mellor dos seres vivos, así tamén, afastado de lei e xustiza, é o peor de todos, porque a inxustiza máis inaturo é a que ten armas, e o home por natureza ten armas para a prudencia e a virtude, pero é moi posible que as empregue para os seus contrarios; por iso sen virtude o home é o máis impío e salvaxe, e o peor para as luxurias e as enches, mentres que a xustiza é da sociedade porque a xustiza é ordenación da comunidade política, a xustiza é decisión do que é xusto.

ARISTÓTELES, *Política* libro I 1253a5–a38

CUESTIÓNS PRINCIPAIS ÁS QUE DEBE DAR RESPONSTA A COMPOSICIÓN

I) Marco histórico e conceptual : (avaliación:de 0 a 3 puntos)

- Situar o autor do texto no marco histórico-cultural e filosófico da súa época.
- Cuestión contextual: O tránsito cara ao mundo helenístico.

II) Comprensión: (avaliación:de 0 a 5 puntos)

- Lea atentamente o texto e a partir del responda á seguinte cuestión temática: A idea de cidadán en Aristóteles: A idea de polis e a condición de cidadán.

III) Coñecemento específico: (avaliación:de 0 a 2 puntos)

- Atendendo á problemática do texto e á cuestión temática, expoña –con claridade e rigor conceptual–, as relacións (de semellanza ou diferenza) con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da “Historia da Filosofía”.
- Comentario persoal.

HISTORIA DA FILOSOFÍA

OPCIÓN B

Lea atentamente o seguinte texto de KANT e a partir del responda as cuestións que se formulan.

- **Teña en conta que se trata de cuestións interrelacionadas. Procure integrar as respostas nunha composición redactada de maneira unitaria.**
- **Na avaliación da proba teranse en conta non só os contidos do exposto (coñecemento da materia), senón tamén as cualidades formais da exposición, tanto nos aspectos relativos ao uso dun vocabulario apropiado, coma no referente á corrección sintáctica, ortográfica e retórica.**

TEXTO

Así pois, asemade enfatiados do dogmatismo que nada nos ensina e máis do escepticismo que nada nos promete, nin tan sequera o retiro nunha lícita ignorancia; requiridos pola importancia do necesario coñecemento, e desconfiados, pola nosa longa experiencia, verbo de todos aqueles coñecementos que coidamos posuír, ou daqueles que se nos ofrecen baixo o título da razón pura, o único que nos queda é unha pregunta crítica, consonte a cuxa resposta podemos no futuro dispoñer o noso proceder: ¿É posible, en xeral, a metafísica? Esta pregunta, non obstante, non ha de ser respondida con obxeccións escépticas fronte a unha metafísica existente (pois agora non damos por boa ningunha), senón a partir do concepto puramente problemático dunha tal ciencia. [1]

“Crítica da razón“ designa aquí o verdadeiro camiño intermedio entre o dogmatismo, que Hume combateu, e o escepticismo que el, pola contra, quixo introducir: un camiño intermedio que non recomenda, tal como fan outros camiños intermedios, determinarse un mesmo de xeito, digamos, mecánico (algo de un e algo do outro), que a ninguén abren os ollos, senón un camiño tal que se poida determinar exactamente segundo principios. [2]

I. KANT, *Prolegómenos a toda metafísica futura que poida presentarse como ciencia.*

CUESTIÓNS PRINCIPAIS ÁS QUE DEBE DAR RESPUESTA A COMPOSICIÓN

I) Marco histórico e conceptual : (avaliación:de 0 a 3 puntos)

- Situar o autor do texto no marco histórico-cultural e filosófico da súa época.
- Cuestión contextual: As novas ideas: progreso, educación ou iluminación, humanidade, civilización, natureza.

II) Comprensión: (avaliación:de 0 a 5 puntos)

- Lea atentamente o texto e a partir del responda á seguinte cuestión temática: A síntese entre racionalismo e empirismo en Kant.

III) Coñecemento específico: (avaliación:de 0 a 2 puntos)

- Atendendo á problemática do texto e á cuestión temática, expoña –con claridade e rigor conceptual–, as relacións (de semellanza ou diferenza) con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da “Historia da Filosofía”.
- Comentario persoal.

Criterios de Avaliación / Corrección

A cualificación máxima de 10 puntos distribuirase así:

1ª parte → 3 puntos distribuídos consonte os seguintes criterios e proporcións:

- Contextualización xeral. **1,5 puntos**
- Cuestión específica de contextualización..... **1,5 puntos**
 - Trátase de avaliar **a comprensión da época** por parte do/da alumno/a. (Isto non inclúe a mera mención de anécdotas).
 - Os 1,5 puntos de nota máxima atribuídos á “contextualización xeral” corresponderían ao hipotético –ben que improbable– caso dun/dunha alumno/a que non contestando propiamente á cuestión específica de contextualización que se lle formula amose coñecementos consistentes sobre a época na que se sitúa o autor.
 - A correcta resposta á cuestión específica de contextualización que se lle formula comportará inevitablemente coñecementos proporcionados de “contextualización xeral”

2ª parte → 5 puntos distribuídos consonte os seguintes criterios:

- Trátase de avaliar **os coñecementos sobre o autor** centrándose na **cuestión temática formulada** e, en relación con esta, a **comprensión do texto**.

3ª parte → 2 puntos distribuídos consonte os seguintes criterios e proporcións:

- Cuestión transversal..... **2 puntos**
- Comentario persoal **[0,5 ptos.]**
 - Trátase de avaliar **a capacidade do/da alumno/a** para situar a cuestión temática no **horizonte global da historia da filosofía**.
 - A cuestión relacional debe ser avaliada de 0 a 2 puntos.
 - Hai que contar coa posibilidade de que un/unha alumno/a poida introducir algún atinado comentario persoal que poña en evidencia a súa correcta comprensión. Os comentarios persoais que a/a alumno/a poida eventualmente facer se son pertinentes e atinados poden ser avaliados ata 0,5 puntos. Isto é: no hipotético –ben que improbable– caso dun/dunha alumno/a que, non sendo capaz de establecer unha relación nos termos nos que se lle require, introduce comentarios pertinentes e atinados, outorgaríaselle **0,5 puntos**.

Todas estas cualificacións **presupoñen que** estamos diante dunha composición unitaria, sintáctica e retoricamente ben estruturada, escrita con pulcritude, respectando escrupulosamente a normativa ortográfica que corresponda, usando o léxico adecuado e poñendo en evidencia unha boa comprensión dos conceptos concernidos.

Os defectos en todos estes aspectos poden ser **penalizados con ata 3 puntos**:

- | | |
|---|-----------------------------|
| Defectos na composición: | perda de ata 1 punto |
| Incorrección ortográfica e/ou gramatical: | perda de ata 1 punto |
| Pobreza léxica e insuficiencia no manexo dos conceptos: | perda de ata 1 punto |

- Entre os “defectos de composición” débese penalizar o recurso abusivo a esquemas e cadros que claramente pretendan substituír a exposición verbal, respectando, claro está, aqueles esquemas ou cadros que, sen eludir a redacción, estean oportunamente introducidos como complementos desta.
- O carácter unitario da exposición non se desprende da mera ausencia de compartimento, senón que se refire á efectiva estruturación unitaria. En todo caso a simple fragmentación do exame deberá ser penalizada cun mínimo de 0,5 puntos.
- No tocante á corrección ortográfica e gramatical debemos ser tolerantes cos erros eventuais que se poden achacar ás circunstancias propias dun exame. Tamén podemos interpretar con benevolencia erros

Criterios de Avaliación / Corrección

particulares e reiterativos (incorreccións ortográficas limitadas en calquera vocábulo, construción defectuosa de calquera estrutura gramatical). Temos, iso si, que prestar atención ao teor xeral do exercicio, sobre todo á combinación de reiteración e diversidade nas incorreccións ortográficas, revelando grave descoñecemento e/ou desidia, así como a incapacidade para manter un nivel xeral de corrección gramatical. Penalizarase con contundencia aqueles exames nos que predomine o anacoluto.

No que atinxe ao uso do léxico e mais á comprensión conceptual debemos de ser rigorosos con aqueles termos e conceptos que resulten esenciais para a comprensión do texto e das cuestións formuladas, así como para a correcta elaboración das respostas. Debemos penalizar os defectos expresivos que denoten carencias discursivas graves dentro do nivel esixible para unha persoa que aspire a acceder á universidade (que é do que se trata).